

Nº 12

Sábado, 29 de novembro de 2014. Revista oral editada polo Museo Provincial do Mar (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **18:30 horas**. Lugar: Museo Provincial do Mar, San Cibrao, Cervo (Lugo). Duración aprox.: **1:30 h**. Coordina: **Antonio Reigosa**.

... *levan o mar dentro de si!*

Do poema "O trobador do faro" (*Residencia no mar*), de **Xacobo Casal**

SUMARIO

Portada musical

Rapsodia vendaval, por **Xurxo Souto** (3')

Poesía I

As entrañas do vixía, por **Xacobo Casal** (5')

Telefonía costeira: Cambio e corto

Ramón Barcia Abad "Monchito da costera", e **Herminia Pernas** (10')

Música

Canto (e conto) *de Terranova*, por **Xurxo Souto** (5')

Experiencias no Mar de Fóra

Santiago Rivera Lestegás, **Emilio Fernández López**, "Milucho", mariñeiros xubilados, e **Herminia Pernas** (10')

Poesía II

Residentes no mar, *Talieiro*, *O trobador do faro* (do poemario *Residencia no mar*), por **Xacobo Casal** (5')

Música

A Rabaleira (canto de percebeiros), por **Xurxo Souto** (5')

A bordo

Salvamento no mar, por **Hixinio Puentes Novo** (10')

Poesía III

Marea ou lúa chea, *Virán cantos* (dos poemarios *Caderno da soidade* e *Nos ollos de Iria*), por **Xacobo Casal** (5')

Música

Canto (e conto) *do Berbés*, por **Xurxo Souto** (5')

Mar de mares

Francisco Gomes Semedo, **Balbino García Trelles**, mariñeiros xubilados, e **Herminia Pernas** (10')

Contos do Mar de Fóra

Contos do mar de Irlanda, por **Xurxo Souto** (10')

O Mar na Memoria

Lembranzas, por **Herminia Pernas** (8')

Opinión

Intervención do público que o desexe.

Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Da Coruña a Ferrol (canto de Carnaval), por **Xurxo Souto** (5')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Xacobo Casal.- Nado nunha pequena aldea do concello de Cervo (Lugo), chamada Espiñerido. Licenciado en Dereito e doutorando na Área de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito da UDC. Exerce como avogado nun despacho de A Coruña, cidade na que actualmente reside. No eido literario, concedéronlle algúns premios como o *Premio Literario da Mariña* nos anos 1998, 1999 e 2000; 2º *Premio Literario Ánxel Casal*, categoría de poesía, no ano 2000; 2º *Premio de Poesía "Díaz Jácome"* para novos creadores no 2003; 1º *Premio de Poesía "Díaz Jácome"* para novos creadores nos anos 2004, 2005 e 2010. No tocante ás publicacións, o seu poemario "Primería Creación" foi editado polo concello de Santiago nunha antoloxía dos *Premios Ánxel Casal*. Tamén se poden atopar publicados dous microrrelatos seus nos "Relatos de verán" de *La Voz de Galicia* e un no xornal *El Progreso*, de Lugo. Colaborou e colabora na revista anual da "Queimada Popular de Cervo" con diversos poemas. Finalmente sinalar que foi guionista e director da representación da "Queimada Popular de Cervo" desde o 2004 ata o 2008.

Hixinio Puentes Novo.- (Porto do Barqueiro-A Coruña, 1952). É mestre, escritor, investigador da historia da súa bisbarra e colabora con artigos periodísticos sobre diversos temas. No ano 1999 acadou en Viveiro o *Premio Literario Pastor Díaz* coa novela *O bandido Casanova* (Edicións Xerais, 2000). Recibe o premio de xornalismo *David Fojo* cunha serie de artigos publicados en *La Voz de Ortigueira*. No ano 2003 publicou *Os naufraxios da Galicia Norte* (Provincia Marítima de Ferrol) en Edicións Lea, e pouco tempo despois, en 2004, o volume II do mesmo título. Continuando coa temática do mar publicou no ano 2005 en Laverde Ediciones *La galerna de 1961*. Foi finalista do Premio Xerais 2005 coa novela *Monbars, o ano exterminador* e publica nesta mesma editorial *Aguillóns de Ortegál*, obra seleccionada ao premio Arcebispo Juan de San Clemente entre as finalistas de lingua galega. Neste ano 2006 acadou a IV edición do *Premio Eixo-Atlántico de Narrativa Galego Portuguesa* coa novela *Monbars, o ano exterminador*. En 2009 acadou coa novela titulada *A do vinteún* o X Premio

Risco de Creación Literaria convocado polo Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco en colaboración coa Editorial Sotelo Blanco, que publica a novela no 2010.

Xurxo Souto.- (A Coruña, 1966). Licenciado en Filoloxía Clásica. Traballa desde 1986 en diferentes medios de comunicación. Como narrador ten publicado: *A tralla e a arrouxada* (Xerais 1995), relatos; *Fumarcu* (Xerais 1997), relatos; *O retorno dos homes mariños* (Xerais 1999), novela; *Contos da Coruña* (Xerais 2001), escolma de artigos sobre a súa cidade, *Tres trebóns* (Xerais 2005), relatos, *A Terra Queima* (Xerais, 2013) e *Contos do mar de Irlanda* (Xerais, 2014). Foi vocalista do conxunto bravú "Os Diplomáticos de Monte-Alto" e agora toca o acordeón no grupo "Tres trebóns".

Mariñeiros.- **Ramón Barcia Abad**, "Monchito da costera", xubilado da confraría de pescadores de Burela, **Santiago Rivera Lestegás**, mariñeiro xubilado, **Emilio Fernández López**, "Milucho", mariñeiro xubilado, **Francisco Gomes Semedo**, mariñeiro xubilado e **Balbino García Trelles**, mariñeiro xubilado.

Herminia Pernas Oroza.- (Burela, 1967) Profesora de Ensino Secundario, filla de mariñeiro. Doutora en Historia Contemporánea pola USC. Investigadora da historia social de Galicia, autora da tese *La condición obrera en Santiago de Compostela durante el siglo XIX*. En 2002 obtivo o *Premio Xohana Torres de Investigación* do concello de Santiago con un estudo sobre a muller compostelá entre finais do XIX e o primeiro terzo do XX. En 2008 gañou o 2º Premio no *I Certame Máximo Sar de memoria popular* do concello de de Caldas de Reis, co traballo titulado "De Carmiña a Doña Carmen. Unha experiencia de vida". Conferenciante, poñente en congresos e profesora en cursos de doutorando na Facultade de Xeografía e Historia (USC) entre 1999-2007.
